



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	V01M121V01214			
Titulación	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Rama Martínez, María Esperanza			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A2	Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A11	Capacidade de aplicar métodos de investigación cuantitativa e cualitativa, de executar varios procedementos de recolleita e análise de datos e de utilizar software específico para a investigación en lingüística inglesa.
A15	Coñecemento dos principais modelos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono.
A16	Coñecemento dos principais recursos de investigación literario/cultural no ámbito anglófono.
A17	Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono.
A18	Capacidade de elaborar ensaios críticos sobre textos literarios e documentos culturais relacionados co ámbito anglófono.
A19	Capacidade de traballar de forma autónoma con textos literarios de diferentes tradicións dentro do ámbito anglófono, aplicando diversas metodoloxías teóricas e críticas.
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B2	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses.
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B4	Capacidade para elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, artigos científicos e formular hipóteses razoables.
B5	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B7	Habilidade para traballar e continuar a aprendizaxe de forma autónoma e autodirixida.
B8	Habilidades para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.
B9	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B14	Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B15	Desenvolvemento da capacidade comunicativa no ámbito académico.
B16	Capacidade crítica e de síntese do estudante mediante a lectura e revisión de artigos especializados.

B17	Autonomía progresiva na aprendizaxe, procuras propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B18	Capacidade para obter información sobre a investigación máis recente que se está levando a cabo dentro do ámbito dos Estudos Ingleses, tanto en lingüística como en literatura e cultura.
B19	Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.
B20	Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Dotar ao alumnado de métodos de investigación básicos e especializados nos eidos dos estudos literarios, culturais ou lingüísticos.	A3 A11 A16 A17	B1 B3 B8 B16 B18 B19
Guiar ao alumnado no proceso de elaboración e defensa dun traballo de investigación.	A2 A18	B4 B5 B14 B15 B16 B19 B20
Ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de especializarse nunha área específica dos Estudos Ingleses.	A3 A15	B1 B2 B9 B19
Preparar ao alumnado para a futura investigación a nivel de doutoramento.	A2 A3 A15 A19	B4 B7 B8 B9 B17 B18 B19

Contidos

Tema

Os contidos estarán determinados polo tema, área e proxecto de investigación seleccionados pola/o estudante e o seu titor/titora.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	0	300	300

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Realización dun traballo de investigación titorizado por profesorado do máster.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A/o estudante recibirá atención persoal a través de reunións periódicas co/coa titor/a nas que discutirán o tema do proxecto, intercambiarán bibliografía e revisarán a evolución do traballo de investigación ata o momento da redación e defensa do mesmo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Realización e defensa oral dun traballo de investigación.	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

O Traballo Fin de Máster será avaliado por un tribunal académico composto por tres profesores doutores especialistas no tema de investigación do traballo presentado. Valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos do traballo:

- Adecuación formal e corrección na expresión.
- Calidade dos contidos do traballo.
- Adecuación da metodoloxía empregada e orixinlidade e actualidade da investigación.

Tanto na defensa como na cualificación do TFM seguirase a normativa aprobada a tal efecto polas Universidades participantes no título.

Bibliografía. Fontes de información

A bibliografía será a recomendada polo/a titor/a do traballo de investigación.

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase ter cursado as materias do módulo común e tódalas materias dun dos módulos optativos.